

# I XORNADA DE FORMACIÓN DE VOLUNTARIADO



## Formación presencial

Data: Sábados 1 e 8 de outubro

Lugar: Salón de Actos de FADEMGA (Pol. Tambre, Santiago de Compostela)

## Información de interese

**Por qué desta actividade?** Para dar resposta ás necesidades de formación do voluntariado que apoia a persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento. Esta necesidade xurdiu nas reunións cos Responsables de Voluntariado das entidades de FADEMGA Plena Inclusión Galicia.

**Qué imos abordar?** Abordaremos aspectos relacionados co empoderamento do voluntariado, coas habilidades de comunicación no desenvolvemento da súa acción e afondaremos na intervención con persoas con grandes necesidades de apoio.

### Obxectivos:

- Crear un espazo onde compartir experiencias.
- Ofrecer recursos e ferramentas para mellorar a acción voluntaria con persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.
- Fomentar o traballo en equipo e a cohesión de grupo.
- Mellorar as habilidades de comunicación do voluntariado.
- Coñecer aspectos importantes sobre o voluntariado con persoas con grandes necesidades de apoio.

**Cando e onde?** Os dous primeiros sábados de outubro. O sábado 1 de outubro de 10:00 a 19:30, cun xantar de 1,5h no restaurante Luar (Polígono do Tambre) que correrá a cargo de FADEMGA Plena Inclusión; e o sábado 8 de outubro de 10:00 a 14:00.

### A quen vai dirixido?

- Persoas que desenvolvan acción voluntaria con persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento
- Persoas interesadas en facer voluntariado co colectivo.
- Profesionais responsables de voluntariado das entidades de FADEMGA Plena Inclusión Galicia.

# Información de interese sobre a inscrición

**Nº total de prazas:** 30

**Se quero asistir, qué fago?** Cada persoa cubrirá o formulario de preinscrición e deberá asinalo. Non admitiremos inscricións en outros formatos. Debedes mandar a inscrición asinada a [areasocial@fademga.org](mailto:areasocial@fademga.org)

**Prazo.** O ultimo día para enviar as preinscricións asinadas é o 20 de setembro.

**Cota:** 5€ por persoa.

**Confirmacións de inscricións:** O 21 de setembro chamarase ás persoas admitidas e teredes ata o 23 de setembro para realizar o pago da cota á conta IBAN ES87 2080 0300 89 3040126857 (unha vez pagado non se farán devolucións). No concepto poñerase o nome da entidade, facendo un único pago por asociación. No caso de ser persoas que non están en ningunha asociación, poñerán de concepto o seu nome e apelidos.

Débense achegar os xustificantes de pago por correo electrónico [areasocial@fademga.org](mailto:areasocial@fademga.org) e a Federación emitirá as facturas correspondentes a nome da Entidade.

**Comida.** O 26 de setembro chamaremos ás persoas para expoñerlle os posibles platos de menú, e que poidan escoller.

# Competencias do voluntariado con persoas con discapacidade intelectual e/ou do desenvolvemento

## Sábado 1. Nós, voluntari@s. Empoderamento e competencias

**10:00– 14:00. 11:30 – 12:00. Espazo de intercambio. Café**

Qué SOMOS                      Que é o voluntariado. Voluntariado nas entidades de FADEMGGA.

Qué PRECISAMOS              Ferramentas? recursos? asesoramento? coñecemento?

Qué ACHEGAMOS              Ás PCDI? ás entidades? á sociedade? á nosa vida?

**14:00 – 16:00. Xantar**

**16:00 – 17:45. Habilidades de comunicación. A escoita activa**

**18:00 – 20:00. Habilidades de comunicación. Didáctica**

## Sábado 8. Empoderamento e competencias

**10:00 – 12:00. Voluntariado con persoas con grandes necesidades de apoio.**

**12:30 – 14:00. Recapitulación e novos horizontes.**



**Brais Fernández**

Dinamizador e formador